

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas do día catro de febreiro do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 01.02.2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 01.02.2010.

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia - baseada en que están a piques de rematar as obras incluídas no Fondo Estatal de Inversión Local 2009 que se están a realizar no lugar e é convinte aglomerar a rúa para completar estas obras - do seguinte asunto: "**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "CAPA DE AGLOMERADO A RÚA DOS CASÁS"**", e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto e incluílo na orde do día como punto núm. 7.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA, ASESORAMENTO E XESTIÓN DA OFICINA DE REHABILITACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da interventora e do secretario municipal, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía en data 03.02.2010, que copiada literalmente di:

"Unha vez elaborado o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de asistencia técnica, asesoramento e xestión da oficina de rehabilitación, faise necesario proceder a súa contratación.

Visto o anterior, visto o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Acordar a necesidade de contratación dos traballos de prestación do servizo de asistencia técnica, asesoramento e xestión da oficina de rehabilitación polos motivos que constan no prego de cláusulas particulares.

2.- Aprobar o expediente de contratación do contrato de prestación do servizo de asistencia técnica, asesoramento e xestión da oficina de rehabilitación na área de rehabilitación integral do concello de Mugarodos, e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2010.0.150.0.22706 do orzamento vixente, prorrogado de 2009.

3.- Prestar aprobación ao PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA "PRESTACION DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA, ASESORAMENTO E XESTIÓN DA OFICINA DE REHABILITACIÓN", por procedemento negociado, según texto obrante no expediente, procedemento de contratación que se elixe por consideralo o máis adecuado para o obxecto do contrato."

3.- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

Visto o escrito presentado por Dna. Yolanda Mauriz Bastida (R.E. 389/27.01.2010) interesando a devolución do aval definitivo constituído no seu día para garanti-la execución do contrato de "XESTIÓN ADMINISTRATIVA DA OFICINA DE REHABILITACIÓN", a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda estimar a solicitude presentada por Dna. Yolanda Mauriz Bastida e, en consecuencia, proceder á devolución da fianza definitiva constituída mediante aval do Banco Pastor - núm. 00210084 - por importe de 1.000 euros (MIL EUROS).

4.- FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL 2010: SOLICITUDE DE FINANCIACIÓN PARA ACTUACIÓN DE INTERESE SOCIAL.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local e tendo en conta o informe emitido polo secretario da Corporación de data 20.01.2010, obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar a inclusión no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local de financiación para actuación de interese social

2º.- Aprobar a memoria "PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS" redactada pola traballadora social, Dna. M^a. Isabel Rios López, en data 02.02.2010, polo importe de total de SEIS MIL NOVECENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON CUARENTA E ÚN CÉNTIMOS (6.985,41 €), conforme ao seguinte desglose:

Base imponible.....	5.998,62 €
IVA 16%.....	979,77 €
TOTAL.....	6.958,41 €

5.- LICENZAS DE OBRAS

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- D. JOSÉ RAMÓN PAREDES CASANOVA en representación de D. AMADOR MARTÍNEZ MARTÍNEZ (EXPTE. 203/2008) segundo solicitude de data 14 de outubro de 2009, para substitución do entramado de cuberta de vivenda unifamiliar, en A Seaña nº 12, referencia catastral: 001102200NJ61A.

A vivenda unifamiliar onde se vai realizar a obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo Rústico Común (SRC) polo PXOM.

As disposicións transitorias cuarta e quinta da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia determinan o réxime de aplicación desta lei a edificacións xa construídas en solo rústico.

O Servizo provincial de Urbanismo mediante Resolución de data 22.10.2009 autorizou as obras de *“cambio da estrutura da cuberta nunha vivenda unifamiliar e o incremento da altura e das pendentes actuais”* cunha serie de condicións que se deberán cumprir:

- Que o interesado fará constar no rexistro da propiedade a vinculación da total superficie do predio á construción e uso autorizados.

- Que o material de cubrición será tella cerámica curva e os paramentos exteriores da vivenda e anexos serán enfoscados.

A obra consistirá no cambio de cuberta con colocación de viguetas de formigón prefabricado e cubrición de pranchas de fibrocemento e tella do país. Renuncian expresamente ao incremento de volume autorizado polo Comunidade Autónoma mediante escrito (N.R.E. 6.752/22.12.2009) “con referencia a la obra de expediente nº 203/08 el propietario renuncia al aumento de volumen de obra mayor, y por tanto la obra consistirá en: retirada de cubierta de fibrocemento existente y sustitución parcial de viguetas, colocación de fibrocemento y teja”.

A obra non suporá incremento de volume nin cambio de uso.

Non suporá reestruturación completa nin obras de formigón armado, e non se alterarán a forma e pendentes da cuberta orixinal.

Autorízanse obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen a substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza igual ou diferente aos substituídos pero respectando a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente dos edificios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **Dna. TERESA GARCÍA GARCÍA en representación de D. ARGEMINO GARCÍA DOPICO (EXPTE. 185/2009) segundo solicitude de data 2 de novembro de 2009**, para reemplazar nove ventás por outras da mesma morfoloxía de aluminio, en Avda. de Galicia nº 21, 3º e 4º esquerda, referencia catastral: 0224401NJ6102S.

A obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SUCA) polo PXOM.

O edificio atópase fóra de ordenación, por non axustarse ao artigo 202 do vixente PXOM.

Realizada visita, compróbase que no edificio existen carpinterías de madeira pintadas en branco e de aluminio lacado branco, entendéndose que este último é o material que se quere colocar.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- **CONSTRUCCIONES VARELA Y REY S.C. en representación de Dna. Mª JOSEFA CARTELLE GARCÍA (EXPTE. 201/2009) segundo solicitude de data 2 de decembro de 2009**, para cambio de azulexos en cociña e baños, e tuberías de auga, en R/ Corzás nº 34, 2º, referencia catastral: 0125901NJ6102N.

A obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano Semidenso (SU-SD) polo PXOM.

O edificio atópase fóra de ordenación, por incumprir varias das condicións establecidas nos artigos 221 a 223 do vixente PXOM.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

B) PECHES

- **D. MANUEL CORTIZAS IGLESIAS (EXPTE. 190/2009) segundo solicitude de data 16 de novembro de 2009**, para peche, en Camiño Grande nº 86, referencia catastral: 4997002NJ6049N.

O peche terá 20 metros de lonxitude, de bloque e reixa e altura total 1,50 metros fronte a camiño público.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros fronte a camiño público (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía pública 7 metros do eixo, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución. Coincidirá coa cesión realizada ao Proxecto Construtivo de Mellora de Seguridade Vial.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

- D. VICTOR MARTÍNEZ LÓPEZ (EXPTE. 193/2009) segundo solicitude de data 20 de novembro de 2009, para peche, en Fieiteiras s/n, referencia catastral: 1112007NJ6111N.

O peche terá 4,30 metros de lonxitude, de bloque e reixa e altura total 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 1,50 metros. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios, nin os remates agudos.

Distará do eixo da vía pública 5 metros do eixo, debendo de solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. VICTOR MARTÍNEZ LÓPEZ (EXPTE. 194/2009) segundo solicitude de data 20 de novembro de 2009, para peche, en Fieiteiras s/n, referencia catastral: 1219060NJ6111N.

O peche terá 3,60 metros de lonxitude e unha altura total de 1,50 metros.

É obrigatorio o revoque e pintado en cores que entonen coa paisaxe.

O peche non será opaco en máis de 1,00 metro de altura e de reixa ata acadar os 2,00 metros de altura entre propiedades. (Segundo o acordo plenario de 28 de setembro de 2007, publicado no BOP o 10 de outubro de 2007).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios, nin os remates agudos.

O peche deixará os marcos libres e deberase solicitar aliñación no concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

- D. JUAN SARDIÑA PITA (EXPTE. 200/2009) segundo solicitude de data 2 de decembro de 2009, para peche de finca de 27 metros, en A Gallada nº 14, referencia catastral: 4405019NJ6140N.

A parcela está cualificada como Solo de Núcleo Rural polo PXOM con fronte á AC-133.

O peche axustarase ás condicións fixadas no art. 309 do PXOM. A altura total do peche proxectado será de 1,50 metros como máximo, sempre referenciados á rasante da vía. O peche será de formigón (muro de bloque revestido con pedra) ata unha altura máxima de 0,60 metros e o restante reixa metálica (0,90 metros).

Non se permiten os peches con mallas tipo “galiñeiro” ou de aramios, nin os remates agudos. As portas cumprirán o límite de altura, e serán opacas como máximo 1 metro.

A liña de peche situarase na liña de expropiación establecida recentemente por obras de seguridade vial na AC-133, ou, se supón unha distancia maior, na aliñación establecida polo PXOM a 7 metros do eixo da vía, debendo solicitar a aliñación ao Concello antes da súa execución.

Prazo de inicio: 6 meses.
Prazo de execución: 12 meses.

C) LICENZAS DE OBRAS DENEGADAS:

Tendo en conta o informe desfavorable emitido polas/os técnicos municipais, obrantes nos expedientes da súa razón, e os ditames da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia aos interesados/as por éstos non se ten presentado ningunha alegación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda denegar as seguintes solicitudes de licenza de obras:

- D. JOSÉ PORTA ACEBO (EXPTE. 182/2009) segundo solicitude de data 20 de outubro de 2009, para cobertura dos laterais da fachada con placas de onduline, en R/ da Eira, referencia catastral: 0424111NJ6102S, polos seguintes motivos:

➤ A obra a realizar localízase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA) polo PXOM.

➤ Os criterios de composición de fachada regúlanse no artigo 203 do PXOM, en concreto nos apartados e) e f):

“(…)

e) Las fachadas, se acabarán en piedra natural de la zona, en sillares o chapados, no ostentosos ni brillantes. Los revocos tendrán textura rugosa y color asimilable a la zona. No se permitirán carpinterías con brillos metálicos, siempre con los colores de su entorno. Se permiten carpinterías y balaustres de madera.

f) Las fachadas posteriores y las medianeras seguirán en su composición y estética las mismas consideraciones. ”

➤ Considérase que o material que se pretende empregar (onduline) non se axusta a estas disposicións.

Tendo en conta o informe desfavorable emitido polo arquitecto do concello, en data 26.08.2009, e o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, así como que no trámite de audiencia ao interesado por este non se ten presentado ningunha alegación, propónse á Xunta de Goberno Local denegar a seguinte solicitude de prórroga de licenza de obras:

- D. RODRIGO PLAZA FEAL (N.R.E. 3.792/16.07.2009), para construción de vivenda unifamiliar illada, en Lodairo nº 3 A, referencia catastral: 4305015NJ6140S, ao abeiro da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 28.09.2006 (Expte. 104/2006), dado que pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 04.09.2008, concedéuselle unha prórroga do prazo de execución de 12 meses, e en aplicación do artigo 197 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, as prórrogas de licenzas de obras poderanse conceder por unha soa vez.

6.- ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE" INCLUÍDAS NA 2ª FASE DO PAC 2-2009 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

O presente asunto retírase da orde do día por estar pendente de incorporación de remanente para dita obra.

7.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE "CAPA DE AGLOMERADO EN LA RÚA DOS CASÁS".

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal o día da data, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto das obras de "CAPA DE AGLOMERADO EN LA RÚA DOS CASÁS", redactada polo arquitecto D. Javier Vizcaíno Monti, en data agosto 2009, cun presuposto de execución por contrata de DEZASETE MIL NOVECENTOS NOVETA E DOUS EUROS (17.992 €), Ive incluído.

2º.- Contratar as devanditas obras de pola modalidade de contrato menor por non exceder o seu presuposto o límite de 18.000 euros establecido polo artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

3º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.150.0.60904 do orzamento vixente, prorrogado do 2009.

4º.- Que pola Alcaldía se soliciten propostas a dúas empresas, como mínimo, capacitadas para a execución das obras.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE